



*FF Gala do*

*Fútbol Feminino Galego*

*Tomiño, 20 de xuño do 2014*



*Organiza: Revista do Fútbol Feminino Galego*

**FF**

Revista do fútbol feminino galego

*Patrocina: Concello de Tomiño*





## As orixes



A Revista do Fútbol Feminino Galego é herdeira e continuadora do traballo comezado desde a temporada 2009/10 polo sitio web [atemporadadofutbolgalego.com](http://atemporadadofutbolgalego.com)

Este espazo naceu como complemento aos libros anuarios A temporada do fútbol galego que editou, primeiramente, a editorial Toxosoutos (1997/98 e 1998/99) e posteriormente a Fundación Zerumuga (2005/06 a 2010/11). Os traballos en papel comezaron desde o primeiro momento a incorporar información histórica e estatística sobre fútbol feminino galego, algo que se reflectiu na web que, sen pretendelo, comezou a ser un referente, cada vez máis importante, para o fútbol feminino galego.



O noso desempeño levounos a recibir un premio que, pola procedencia, valoramos infinitamente. Na I Gala realizada por MUDEGA en Marzo de 2011, en Pontevedra, as MULLERES DEPORTISTAS GALEGAS nos concederon o premio ao medio de comunicación galego máis sensibilizado co deporte feminino.



O sitio web fechou co remate da campaña 2011/12. Un ano antes deixárase de publicar o anuario de fútbol.

Ao final da temporada 2012/13, distintas persoas relacionadas moi directamente co fútbol feminino galego, de xeito informal e espontáneo, pedíronnos que volvéramos facer algo naquela liña debido á orfandade informativa na que ficaran nese ano. Formulámonos que poderíamos facer durante o verán e, no mes de outubro, para acompañar o acontecido en setembro, co comezo do novo exercicio futbolístico, nacía a Revista do Fútbol Feminino Galego, un traballo mensual pensado para saír en papel pero que, diante das dificultades financeiras e a falta de apoios públicos e privados, debeu facelo en pdf.

En menos dun ano, o seguimento do noso traballo é seguido, como mínimo, por un milleiro de persoas, atendendo simplemente á nosa distribución directa. Descoñecemos a transcendencia real que poida ter pois a revista pode ser descargada igualmente desde webs de equipos e portais do fútbol feminino de carácter local, nacional, estatal ou internacional femininos, en lingua galega, portuguesa ou española.

Igualmente somos seguidos en facebook, contando neste momento con máis de 700 seguidores.

## Os premios

Na temporada 2010/11, dáse unha empatía moi especial entre nós e o fútbol feminino galego. Iso fai que nos centremos cada vez máis e, ao final de temporada, logo de terse creado unha expectativa inesperada na metade e final da campaña coas votacións para a elección do once ideal de primeira volta e o da época completa, de termos publicado clasificacións históricas de



todos os equipos femininos que existen e existiron no fútbol galego, de comezar a desenterrar o pasado e proxectar o presente, ocorréusenos que un bo corolario sería entregar, modestamente, os premios ás mellores de Segunda División. O acto foi no marco dun partido entre un combinado galego e El Olivo, que acababa de ascender a Primeira División. A entrega de trofeos tivo lugar no campo da Torre-2, na Coruña e consistiron nunhas figuras de xogadoras conducindo o balón.

Unha característica fundamental dos premios é que todos son decididos por criterios obxectivos indiscutibles (a máxima goleadora é quen máis goles marca, a guardarredes menos goleada é quen menos recibe á partir do 80 por cento de participacións nos partidos da temporada, o mellor club é quen máis puntos fai con arranxo a unha serie de factores correctivos asociados ás categorías, ou o máis deportivo é quen menos cartóns recibe), polas votacións de técnicos e primeiras capitás segundo as categorías de que se trate. A organización nunca decide nin as nominacións, nin as gañadoras. O único premio que é determinado exclusivamente pola Revista é o correspondente á traxectoria histórica.

## As Galas



Na temporada 2011/12, cando xa manexabamos moita máis información e contactos, decidimos dar un salto cualitativo. Os premios ían manterse pero serían entregados nun acto solemne. Comezamos a procurar un marco para o mesmo e, grazas á inestimable colaboración de Geluco Villar, abríronsenos as portas de Deputación de Lugo. O vicepresidente da mesma e responsable da área de Deportes, Antón Veiga, entendeu perfectamente a idea e facilitounos as cousas para que a I Gala tivera como escenario a capital luguesa e, particularmente, un local emblemático para a cultura e a historia do fútbol luguesa: o

Círculo das Artes. Ampliamos os premios á Primeira Autonómica, estendémolos para incorporar o estamento arbitral, a valores como o xogo limpo e ao sacrificio para designar o mellor equipo galego da temporada. A convocatoria cremos que foi un éxito debido a que arredor de 150 persoas estiveron presentes.



Neste ano celebraremos a II Gala. Se antes fomos ao norte, desta queremos irnos ao sur. Nos últimos anos o Tomiño F.C. está mostrándose como unha das entidades máis dinámicas do noso país na hora de difundir, incluso con criterios orixinais de gran interese, o fútbol feminino. Intuímos que o Concello comulgaba cos seus proxectos e que podería ser a institución ideal para que acollera a nosa idea. Desde o primeiro momento o entendemento coa concelleira de Deportes, Cristina Martínez Souto, foi total e, unha vez lle comunicou o proxecto ao grupo de goberno, deron luz verde para que, o próximo día 20, a rehabilitada Casa de Cultura do Concello se converta na capital do fútbol feminino galego.



## As premiadas 2013/14

Estas son as premiadas e as candidatas na II Gala do Fútbol Feminino Galego 2013/14:

### Segunda División Galega

Mellor goleadora

REBECA Puente Rodríguez (Tordoia S.D.) 45 goles

Guardarredes menos goleada

LUCÍA Otero Pena (Tordoia S.D.) 8 g./ 14 p. (0,57)

### Primeira División Galega 2013/14

Mellor goleadora

ISABEL Fernández Viñas (A.D. Lavadores) 41 goles

Guardarredes menos goleada

ISABEL Santos Paderne (Orzán S.D.) 16 g./ 25 p. (0,64)

Mellor xogadora\*

Candidatas:

LAURA Triñanes Romero (A. Cult. Rec. D. Boiro)  
María Dolores Vila Alonso "LOLES" (CCAR Valladares)  
MÍRIAM DOMÍNGUEZ Marcos (Umia C.F.)  
NEREA González Cuquejo (Orzán S.D.)

### **Premios ás mellores do fútbol galego 2013/14**

Mellor árbitra galega da temporada 2013/14  
Zulema GONZÁLEZ GONZÁLEZ (Delegación Ourense)

Equipo galego máis deportivo da temporada 2013/14  
C.D. Conxo 2 cartóns amarelos

Premio a unha traxectoria histórica 2013/14  
Rosa Cristina López Veloso "ROSI"  
C.F. Mayador (1968/82); R.C. Celta (1982/1987)

Mellor equipo galego da temporada 2013/14  
FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO

### **2ª División – Grupo I 2013/14**

Mellor goleadora  
ANAIR Lomba Álvarez (Fed. Peñas Rec. El Olivo) 32 goles

Guardarredes menos goleada  
Ángela Prado Espiñeira "ANGY" (Victoria C.F.) 32 g./ 26 p. (1,23)

Mellor técnico galego da temporada 2013/14\*

Candidatos:

Juan Carlos "CHARLI" GARCÍA Fernández (Fed. Peñas Rec. El Olivo)  
DAVID IGLESIAS Barca (Victoria C.F.)  
EDUardo Miguel GONZÁLEZ Cerdán (Erizana C.F.)  
Adolfo Luis "FOFI" MARTÍNEZ Cid (U.D. Conc. Barbadás)  
Ángel Alfonso "GELUCO" VILLAR Hermida (C. Peluquería Mixta Friol)  
IBAN LÓPEZ Ares (S.D. Compostela)  
MARCOS CANLE Iglesias (C.F. Bértola)  
MOISÉS CAMPOS Maneiro (At. Arousana)  
José Antonio "TONY" PAZÓ Rubio (Sárdoma C.F.)

### **Once ideal galego da Segunda División 2013/14**

Mellor guardarredes  
Ana González Rivera "ANITA" (Erizana C.F.)

Mellor lateral dereita  
TATIana Tenreiro Coira (Victoria C.F.)

Mellor central dereita  
KAREN Moreira Sánchez (Fed. Peñas Rec. El Olivo)

Mellor central esquerda

ANDREA MIRÓN Castro (C. Peluquería Mixta Friol)

Mellor lateral esquerda

SHEILA Sánchez Pose (C. Peluquería Mixta Friol)

Mellor exterior dereita

ANDREA CARID Cao (C. Peluquería Mixta Friol)

Mellor mediacentro dereita

Sara González Rodríguez “SARITA” (Fed. Peñas Rec. El Olivo)

Mellor mediacentro esquerda

ARIane Martínez Domínguez (At. Arousana)

Mellor exterior esquerda

Estefanía “FANY” VARELA Pena (C. Peluquería Mixta Friol)

Mellor mediapunta

ANAIr Lomba Álvarez (Fed. Peñas Rec. El Olivo)

Mellor dianteira

BELÉN Fernández Millán (At. Arousana)

Mellor xogadora galega de Segunda División 2013/14\*

Candidatas:

Ana González Rivera “ANITA” (Erizana C.F.)

TATIana Tenreiro Coira (Victoria C.F.)

KAREN Moreira Sánchez (Fed. Peñas Rec. El Olivo)

ANDREA MIRÓN Castro (C. Peluquería Mixta Friol)

SHEILA Sánchez Pose (C. Peluquería Mixta Friol)

ANDREA CARID Cao (C. Peluquería Mixta Friol)

Sara González Rodríguez “SARITA” (Fed. Peñas Rec. El Olivo)

ARIane Martínez Domínguez (At. Arousana)

Estefanía “FANY” VARELA Pena (C. Peluquería Mixta Friol)

ANAIr Lomba Álvarez (Fed. Peñas Rec. El Olivo)

BELÉN Fernández Millán (At. Arousana)

Os premios á mellor xogadora de Primeira Galega, Segunda División española e mellor técnico galego da temporada daranse a coñecer na propia Gala segundo os resultados das votacións realizadas por técnicos e xogadoras representativas dos equipos.

## VÉMONOS EN



*II Gala da*

*Fútbol Feminino Galego*

*Tomíño, 20 de xuño do 2014*

# HISTORIAL DE PREMIOS

## TEMPORADA 2010/11

### Segunda División – Grupo I

Mellor goleadora galega 2010/11:

JOANA Montouto Escudeiro (Fed. Peñas Rec. El Olivo) 19 goles

Guardarredes galega menos goleada 2010/11:

Maria Teresa Soage Portas “MAITE” (Pontevedra C.F.) 23 goles en 22 partidos (1,05)

Mellor técnico galego 2010/11

Candidatos:

Ángel Alfonso "GELUCO" VILLAR Hermida (C. Peluquería Mixta Friol)

Juan Carlos “CHARLI” GARCÍA Fernández (Erizana C.F.)

EDUardo Miguel GONZÁLEZ Cerdán (Fed. Peñas Rec. El Olivo)

MANUel SÁNCHEZ García (Orzán S.D.)

Rogelio “RÓGER” BARRAGÁNS Lorenzo.(At. Arousana)

Adolfo Luis “FOFI” MARTÍNEZ Cid (U.D. Conc. Barbadás)

Gañador:

MANUel SÁNCHEZ García (Orzán S.D.)

### Once Ideal galego da Segunda División 2010/11

Mellor guardarredes 2ª División 2010/11

Patricia Casas Sampaio “HOUSE” (U.D. Conc. Barbadás)

Mellor lateral dereita 2ª División 2010/11

ALBA Montemuíño Muñiz (Fed. Peñas Rec. El Olivo)

Mellor central dereita 2ª División 2010/11

Paula Fernández Gómez “CUCHI” (Fed. Peñas Rec. El Olivo)

Mellor central esquerda 2ª División 2010/11

Mónica Naval Cortés “MO” (C. Peluquería Mixta Friol)

Mellor lateral esquerda 2ª División 2010/11

CRISTina Lago Martínez (Fed. Peñas Rec. El Olivo)

Mellor exterior dereita 2ª División 2010/11

CARLA González Álvarez (Erizana C.F.)

Mellor mediacentro dereita 2ª División 2010/11

MÍRIAM DOMÍNGUEZ Marcos (Fed. Peñas Rec. El Olivo)

Mellor mediacentro esquerda 2ª División 2010/11

ANA BUCETA Rodríguez (Fed. Peñas Rec. El Olivo)

Mellor exterior esquerda 2ª División 2010/11  
ANDREA CARID Cao (Pontevedra C.F.)

Mellor mediaponta 2ª División 2010/11  
ANAIK Lomba Álvarez (Fed. Peñas Rec. El Olivo)

Mellor dianteira 2ª División 2010/11  
Carla Pérez Piñeiro "TOMY" (Erizana C.F.)

**Mellor xogadora galega da temporada 2010/11:**  
**Patricia Casas Sampaio "HOUSE" (U.D. Conc. Barbadás)**

## TEMPORADA 2011/12

### Mención especial

Selección galega sub' 12. Polo seu terceiro lugar no campionato de España 2011/12.

### Preferente Autonómica

Mellor goleadora da Preferente Autonómica 2011/12  
BELÉN Fernández Millán (C.D. Portosín) 43 goles

Guardarredes menos goleada da Preferente Autonómica 2011/12  
Patricia Casas Sampaio "HOUSE" (U.D. Concello Barbadás) 17 goles en 30 partidos (0,57)

Mellor xogadora da Preferente Autonómica 2011/12

Candidatas:

VANESA Sotelino Garrido (C. Bértola Fem.)

BELÉN Fernández Millán (C.D. Portosín)

Catarina da Rocha Cabral "KATY" (Coruxo F.C.)

Gañadora:

BELÉN Fernández Millán (C.D. Portosín)

### Primeira División

Mellor xogadora da Federación Peñas Recreativas El Olivo 2011/12  
ANAIK Lomba Álvarez

### Premios ás mellores do fútbol galego 2011/12

Mellor árbitra galega 2011/12  
Raquel ORTEGA ORGE (Delegación Ferrol)



Club galego feminino máis deportivo de categoría estatal 2011/12  
VICTORIA CLUB DE FÚTBOL A Coruña 24 cartóns (21/0/3) en 26 partidos

Mellor equipo galego feminino 2011/12  
CLUB PELUQUERÍA MIXTA FRIOL

Mellor técnica galega 2011/12

Candidatos/a:

PLÁCIDO CORTÉS López (At. Arousana)

Ángel Alfonso "GELUCO" VILLAR Hermida (C. Peluquería Mixta Friol)

JOSÉ ESTÉVEZ Solla (Erizana C.F.)

Joaquín Javier "QUIN" BALBUENA García (Fed. Peñas Rec. El Olivo)

MANUel SÁNCHEZ García (Orzán S.D.)

Manuel "MANOLO" BUJÁN Miras (S.D. Compostela)

Pilar "PILI" NEIRA Martínez (Victoria C.F.)

Gañadora:

Pilar "PILI" NEIRA Martínez (Victoria C.F.)

### **Recoñecemento a unha traxectoria histórica**

CLUB DE FÚTBOL FEMENINO KARBO A Coruña

### **Premio especial da temporada 2011/12**

Verónica Boquete Giadán "VERO" (Philadelphia Independence / F.K. Energy / Tyresö F.F.)

### **Segunda División – Grupo I**

Mellor goleadora galega da Segunda División – Grupo I - 2011/12

NATALIA de Francisco Gómez (At. Arousana) 18 goles

Guardarredes menos goleada 2011/12

SARA Requeijo Folgueira (C. Peluquería Mixta Friol) 25 goles en 24 partidos (1,04)

### **Once Ideal galego da Segunda División 2011/12**

Mellor guardarredes 2ª División 2011/12

SARA Requeijo Folgueira (C. Peluquería Mixta Friol)

Mellor lateral dereita 2ª División 2011/12

TATIana Fernández Rodríguez (C. Peluquería Mixta Friol)

Mellor central dereita 2ª División 2011/12

Mónica Naval Cortés "MO" (C. Peluquería Mixta Friol)

Mellor central esquerda 2ª División 2011/12  
NEREa CARBALLO Blanco (S.D. Compostela)

Mellor lateral esquerda 2ª División 2011/12  
MARÍA ARUFE Fernández (At. Arousana)

Mellor exterior dereita 2ª División 2011/12  
ANDREA CARID Cao (Orzán S.D.)

Mellor mediacentro dereita 2ª División 2011/12  
LAURA Souto Rodríguez (S.D. Compostela)

Mellor mediacentro esquerda 2ª División 2011/12  
Lucía ROSADO Pérez (Victoria C.F.)

Mellor exterior esquerda 2ª División 2011/12  
Estefanía “FANY” VARELA Pena (C. Peluquería Mixta Friol)

Mellor mediaponta 2ª División 2011/12  
Ana Álvarez de la Iglesia “ANITA” (C. Peluquería Mixta Friol)

Mellor dianteira 2ª División 2011/12  
NATALIA de Francisco Gómez (At. Arousana)

**Mellor xogadora galega da temporada 2011/12**  
**LAURA Souto Rodríguez (S.D. Compostela)**

## TEMPORADA 2012/13

**Non celebrados**

# As nosas capas



